

A ENERXÍA:

As máquinas que utilizamos a diario necesitan enerxía para funcionar.

As persoas tamén necesitamos enerxía para movernos e realizar as nosas actividades diarias. Existen moitas formas de enerxía, como a electricidade, a luz do sol e a gasolina, que permite que os vehículos se despracen.

FONTES DE ENERXÍA:

Hai **fontes renovables de enerxía**, que non se esgotan nunca, como o sol, o vento e a auga en movemento. Estas enerxías son limpas, porque non contaminan.



Hai **fontes non renovables de enerxía**, que se esgotan a medida que se utilizan, como o petróleo ou o carbón. Estas enerxías provocan fumes e gases que contaminan o aire.



Para coidar o medio natural é importante facer un uso adecuado da enerxía e non malgastala.

O SON:

Cando facemos vibrar a corda dunha guitarra producimos un son, que se transmite polo aire ata chegar aos nosos oídos. Existen sons moi diferentes:

- Cada instrumento musical ten un son característico que o identifica. Do mesmo xeito, cada persoa ten o seu propio **timbre** de voz.
- Hai sons **fortes**, como o estrondo dunha explosión, e **débiles**, como o son da folla dunha árbore ao caer.
- Hai sons **agudos**, como o pitido dun chifre, e **graves**, como o son dun tambor.

Existen sons **agradables**, como a música, e outros **desagradables**, como o ruído dun trade, que resultan molestos para os nosos oídos. O exceso de ruído é prexudicial para a nosa saúde.



1) Que tipo de enerxía necesitan? Une.

Electricidade

Luz do Sol

Gasolina



2) Que tipo de fontes de enerxía son? Une

Renovables

Non renovables



Auga



Petróleo



Carbón



Sol

3) Marca os comportamentos que supoñen un uso adecuado da enerxía.

- ☐ Utilizar o autobús ou o tren en vez do coche.
- ☐ Baixar a persiana e acender a luz para ler.
- ☐ Poñer moi alta a calefacción.
- ☐ Apagar as luces ao saír dun cuarto.

4) Pensa en como soan e pon unha cruz onde corresponda.

				
Son forte				
Son débil				
Son agudo				
Son grave				

5) Observa e marca onde se produce son.

☐

☐


6) Marca o que produce o son máis forte.

☐

☐

☐

☐
